

**28** DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE  
ABRIL E SAÚDE NO TRABALLO

# **A PRECARIIDADE LABORAL**



## **ASASINA TRABALLADORAS**

**28 de abril**

# **Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo**

**De que saúde laboral falamos nestes tempos laborais e sociais, precarios e de lixo?**

**O modelo de relacións laborais** do estado español, **está enfermo** de neoliberalismo e ausente de dereitos fundamentais. Desde o gran pacto social do 77 (Pactos da Moncloa), asistimos á voadura dunhas relacións laborais e industriais, baseadas nun equilibrio entre o capital e o traballo, ata situar o modelo social (toda relación salarial é unha relación social), como **un modelo precario, inseguro e de imposible proxecto de futuro para unha vida digna da maioría social**, as persoas asalariadas.

A reforma do PSOE no 84/85, cargouse o contrato estable e fixo, como o único contrato ordinario no dereito laboral. Creáronse ata 14 modalidades de contratos temporais e terminouse coa relación estable entre a persoa asalariada e o seu emprego.

A reforma do PSOE no 94, liberaliza as condicións de traballo en xornada, horario, sistemas retributivos, quendas, etc. e Expedientes de Regulación de Emprego (ERE), **dotándolles aos empresarios de toda autoridade para modificar de maneira unilateral as condicións de traballo**. A Administración (o estado) é unha mera espectadora nos ERE e introdúcese a flexibilidade como norma de organización do traballo.

As distintas reformas a partir dos 90, liberalizan ata tal punto os mercados laborais que os sistemas de organización do traballo pasan a ter un eixo sobre o cal vira todo o modelo: a descentralización produtiva, os sistemas de traballo onde as

contratas e subcontratas, apalancan o modelo precario, inseguro e vulnerable do mesmo e a **liberdade absoluta do capital, pasa a constituír o único principio da vida.**

A liberalización dos mercados de bens e servizos, da enerxía, das telecomunicacións, dos transportes, as finanzas, así como a desregulación laboral e o desmantelamento e entrega ao mercado privado dos denominados servizos públicos, percorre toda a época de finais do século XX e os 17 anos que levamos do século XXI, sendo a UE quen determina e fixa as regras das políticas económicas, fiscais e sociais.



O 2011 para o Estado español, marca un punto de inflexión, ao orixinarse un golpe de morte ao estado social e de dereito, coa Reforma do art.135 da constitución, que pulveriza as bases da sociabilidade, descohesionándoa, **empobrecéndoa e precarizándoa, e aumentando exponencialmente a desigualdade social. Instaurouse un réxime de inxustiza social.**

Os cambios legislativos, as reformas laborais, representan a legalidade aplicada con man de ferro sobre as clases asalariadas e a **flexibilidade inspirou toda a lexislación laboral desde fai xa máis de 33 anos.**

**Atopámonos cun marco de relacións laborais enfermo de neoliberalismo:** inseguro para as persoas traballadoras, á vez que disolveu o carácter colectivo do conflito, individualizando as relacións laborais e tratando de subtraer a natureza social e colectiva das relacións salariais.

Alcanzouse a homoxenización á baixa das condicións de traballo, en torno ao criterio de flexibilidade e posibilitouse a reestruturación salvaxe que o empresariado levou e está a levar a "término" en todos os sectores de actividade, sen límites institucionais e sen resistencia sindical.

**A vulnerabilidade, a inseguridade, exprésanse** como a fractura entre presente e futuro, tamén como fractura entre individuo e colectividade. Exprésase nunha diminución na capacidade de emancipación das persoas traballadoras, especialmente novas e mulleres, e da cada vez máis escasa cobertura institucional, o que leva un empeoramento integral da saúde non só na cadea do traballo, senón na propia vida das persoas.

Un modelo enfermo que foi capaz, por medios autoritarios e disciplinarios: leis, organización do traballo, sentenzas, de trasladar todos os riscos ás persoas traballadoras e que á vez, cando esa persoa dáse de baixa por ter deteriorada a súa saúde polo feito de traballar, pode ser despedida sen máis.

Ante un modelo enfermo de neoliberalismo, soamente o empoderamento das persoas traballadoras, pode xerar unha boa saúde laboral e social.